



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Número 45/2019

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE (CABANA DE BERGANTIÑOS) E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE E A CULTURA MEGALÍTICA

En A Coruña a 3 de mayo de 2019

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Doutro, D. José Muiño Domínguez, Alcalde Presidente do concello de Cabana de Bergantiños

EXPOÑEN

1º.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor do Dolmen de Dombate. En primeiro lugar adquiriu os terreos onde se sitúa o Dolmen e as leiras lindeiras. A continuación, posibilitou a realización das correspondentes campañas de escavación e realizou os estudos e actuacións necesarias para a súa axeitada conservación e en especial das súas pinturas, de extraordinaria valor arqueolóxica. Asimesmo construiu un edificio para a súa axeitada protección e outro para a musealización e recepción de visitantes, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do museo.

2.- O Concello de Cabana de Bergantiños leva cooperando coa Deputación provincial da Coruña na xestión cultural e turística do Dolmen, cun modelo de xestión do patrimonio no que os edificios e as actividades complementarias interactúan co espectador para facelo un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura megalítica como reclamo turístico.

3.- O Concello de Cabana de Bergantiños quere intensificar a súa cooperación coa Deputación na xestión cultural e turística do Dolmen de Dombate.

4.- Coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias para a posta en valor deste conxunto megalítico, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Cabana de Bergantiños, OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE NO ANO 2019

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

A xestión do servizo de atención de visitantes implicará as seguintes obrigas por parte do Concello de Cabana de Bergantiños:

Metodoloxía do servizo de atención a visitantes.

2.1. TAREFAS XERAIS

- Facilitar a visita ao recinto patrimonial prestando os servizos de guía-monitor.
- Control do tránsito tanto no recinto como nos dous edificios priorizando sobre todo a protección do monumento
- Visitas guiadas cada 30 minutos (complementadas co visionado dun documental no centro de recepción e a visita á exposición).



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Número 45/2019

- Coordinarse co persoal de seguridade para formar grupos nas visitas guiadas.
- Controlar a utilización de cámaras ou equipos audiovisuais sen flash.
- Responder e aclarar as preguntas e dúbidas dos visitantes.
- Facilitar información turística e cultural (ao comezo e fin de cada visita guiada).
- Atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.
- Elaboración dunha estatística de visitas do centro cun libro de control.

2.2. OUTRAS TAREFAS ESPECIFICAS

2.2.1. Conservación e mantemento: o Concello de Cabana de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación, tanto o inmovible coma os bens incluídos no mesmo, non podendo realizar obras no inmovible ou alterar as instalacións do mesmo.

2.2.2. Dinamizar o centro arqueolóxico dentro das actividades do propio museo.

2.2.3. Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións culturais da zona.

2.2.4. A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura da zona.

2.2.5. Promover actividades culturais: conferencias, gastronomía da zona, protección do patrimonio etc en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

2.2.6. Establecemento de relacións e contactos con outros centros e museos.

2.2.7. Respetar e coñecer os criterios de acceso e uso do centro de recepción e pavillón do Dolmen de Dombate.

2.2.8. O Concello de Cabana de Bergantiños asume a obrigaçión de facer constar a cooperación da Excm. Diputación Provincial de A Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

2.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS A REALIZAR:

2.3.1. CAMPAÑA DE VISITAS ESCOLARES E OBRADOIROS DE PREHISTORIA

- Todos os venres de xaneiro, febreiro, outubro, novembro, decembro. Os meses de marzo, abril, maio e xuño tamén haberá visitas os martes, mércores, xoves e venres pola mañá
- Os obradoiros serán nun espazo adaptado ós obradoiros que actualmente funciona como “aula de talleres” no Local Social de Borneiro, a 500 m. do Centro Arqueolóxico. A visita guiada será en Dombate adaptada ás idades do alumnado, visionado de documentais e lectura de textos literarios.
- Haberá competición entre os colexios participantes e Premios Dombate para as gañadoras e gañadores.
- Contacto con todos os centros de ensino da provincia e coordinación coa sección de Turismo Escolar da Deputación da Coruña.

2.3.2. CONFERENCIAS E CHARLAS DIVULGATIVAS

- Convidar a científicos, arqueólogos, deportistas mediáticos...para que acheguen a Dombate todo tipo de público e intereses aproveitando a zona de audiovisuais do Centro de Recepción.

2.3.3. CELEBRACIÓN DA PRIMAVERA EN DOMBATE

- Actividade que xuntará música e teatro en Dombate para celebrar a chegada da primavera a Dombate, o inicio dun ciclo que rematará o 21 de xuño co solsticio de verán.

2.3.4. ARQUEOCICLISMO. RUTA CICLOTURÍSTICA

- Percorrido ciclo turístico polo chan de Borneiro en colaboración con medios de comunicación. Con paradas en lugares de interese turístico. Saída e chegada desde o Centro Arqueolóxico Dolmen de Dombate. Trala ruta haberá agasallos para os participantes, sorteo dunha bicicleta, entrega de premios...
- Toda a actividade contará con seguro de accidentes, ambulancia, protección civil.
- Obxectivo: organizar eventos deportivos e de turismo activo que leven por nome o Dolmen de Dombate e acheguen ó mesmo todo tipo de público.

2.3.5. RUTA DAS ESTRELAS.

Actividade xa habitual no verán cabanés e de grande poder de convocatoria. Ruta con inicio e fin no aparcadoiro de Dombate e que sube ó monte de Borneiro para contemplar a “chuvia de Perseidas” na noite de San Lourenzo.

2.3.6. MASTER CLASS MUSICAL EN DOMBATE

-Concerto de música clásica ou tradicional para disfrutar dun solpor musical de verán en Dombate. Levaranse a cabo na zona verde do Centro Arqueolóxico, cando o tempo o permita, e no centro de recepción de visitantes cunha tarima provisional para a ocasión.

2.3.7. GASTOS DE PROTOCOLO



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Número 45/2019

Dentro deste apartado englobábase os gastos complementarios que xurden ó realizar algunhas actividades por exemplo nas conferencias, charlas, actividades deportivas: todo o referente a catering, agasallos, trofeos etc

2.3.8. TELÉFONO DE ATENCIÓN ÓS VISITANTES E CONEXIÓN A INTERNET

-Liña de telefonía móbil para atención ós visitantes e a súa correspondente conexión a Internet.

-Estas ferramentas son esenciais para o correcto funcionamento do Servizo de Atención ós Visitantes en tarefas de comunicación cosas excursións, información turística actualizada, información de horarios, etc

2.3.9. COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES.

- Desde este departamento lévase a cabo o deseño e programación das distintas actividades, a súa difusión nos medios dixitais ou escritos e tamén se realizan os contactos e negociación coas empresas e profesionais participantes.

2.3.10. CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE DE TODAS AS ACTIVIDADES

- Campaña de difusión na prensa escrita, radio, redes sociais... para que o maior número de xente posible estea informada das actividades de Dombate cun diálogo constante con todos os interesados.

- Tamén se seguirá coa colaboración con medios de comunicación da provincia para darlle a correspondente publicidade ás actividades.

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSONAL E HORARIO

O Servizo de Atención a Visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ó amparo do establecido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. En ningún caso o personal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa suporá creación de relación laboral algunha coa Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

TEMPADA BAIXA (4 xaneiro-24 febreiro)//(20 setembro-29 decembro):

Centrar a atención a visitantes nas fins de semana e reservar os venres para que os centros educativos poidan participar das visitas guiadas. En tempada baixa, a xornada será de 6 horas tendo en conta o horario escolar e o cambio de horario no outono e inverno:

De venres a domingo (10.30 h. a 14.00 h.// 16.00 h. a 18.30 h.)

TEMPADA EXCURSIÓNS DE PRIMAVERA (1 marzo-30 xuño):

Debido á maior concentración de excursións nestes meses e á campaña de obradoiros de prehistoria en 2018, ampliamos os días de visitas semanais (martes, mércores, xoves e venres). As fins de semana (sábado e domingo) comeza o horario de verán ampliando as horas de visita guiada (7 horas/ día):

De martes a venres: (10.00 h. a 14.00 h.)

Fins de semana: (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)

Nota: : En Semana Santa (do 12 ao 21 de abril), haberá servizo de visitas guiadas todos os días: (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)

TEMPADA ALTA (1 de xullo-15 de setembro):

De luns a domingo (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)

Nota: Debido á baixada de visitantes a partir do 15 de setembro decídese reducir o horario e ampliar en primavera.

VISITAS GUIADAS NOCTURNAS:

• Como o edificio do pavillón de Dombate conta con iluminación interior graduable para poder crear distintos ambientes e ten boa acústica, considérase necesario continuar coas visitas nocturnas con música de fondo como actividade especial nas noites de verán.



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Número 45/2019

- As visitas serán levadas a cabo polo Servizo de atención a visitantes e terán 1 hora de duración (de 23.00 a 24.00 horas). Segundo a afluencia destes anos haberá unha visita cada 15 días cun aforamento limitado de 30 persoas.

XULLO: días 12 e 26 // AGOSTO: días 9 e 23

Para os visitantes en xeral e excursións organizadas porase a disposición do público un teléfono de atención a visitantes con cita previa de luns a venres en horario de 09.00 a 14.00 horas: 981 75 40 20 e un teléfono móbil en horario de visitas guiadas con Internet para a consulta dos guías.

Tamén se poderá reservar cita por correo electrónico no e-mail: cultura.concello@gmail.com

CUARTA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación Provincial da Coruña abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños a cantidade de 60.000,00 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2019 e o 31 de decembro de 2019, con cargo á aplicación presupuestaria 0112/3362/22609.

QUINTA.- DISPOSICION COMUN

O Concello de Cabana de Bergantiños fará constar en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

SEXTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

MES	VISITAS GUIADAS TURISTAS	VISITAS ESCOLARES NOCTURNAS	CAMPAÑA A PRENSA	COORD ACTIV	TELÉFONO ATENCIÓN VISITANTES+INTERNET	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: Música, teatro, conferencias, obradoiros, divulgación, promoción...
XAN	(48 h) 852,48 €	(24 h) 426,24 €	1000 €	1800 €	66,00 €	15.730 € Obradoiros de prehistoria (escolares) (40 sesións - de marzo a xuño) 1.750 € Conferencias e charlas 1.500 € Arqueociatismo. Ruta cicloturística 1.000 € Celebración da Primavera en Dombate 300€ Ruta das estrelas 1000€ Máster class musical 544,96 € Gastos de protocolo (catering, agasallos...)
FEB	(48 h) 852,48 €	(24 h) 426,24 €				
MAR	(70 h) 1243,2 €	(68 h) 1207,68 €				
ABR	((63 h) 1616,16 €	(64 h) 923,52 €	1000 €	1800 €	66,00 €	
MAI	(56 h) 994,56 €	(76 h) 1349,76 €				
XUÑ	(63 h) 1243,2 €	(68 h) 1136,64 €				
XUL	(217h) 3853,92 €	(2 h) 35,52 €	1000 €	1800 €	66,00 €	
AGO	(217h) 3853,92 €	(2 h) 35,52 €				
SET	(136 h) 2291,04 €	(12 h) 213,12 €				
OUT	(48 h) 852,48 €	(24 h) 426,24 €	1000 €	1800 €	66,00 €	
NOV	(54 h) 959,04 €	(30 h) 532,8 €				
DEC	(72 h) 1172,16 €	(18 h) 213,12 €				
	19784,64 €	6926,40 €	4000 €	7200 €	264,00 €	21824,96 €
TOTAL	60.000 €					



**DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION**



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Número 45/2019

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

Deberá xustificar os gastos trimestralmente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Secretario co visto e prace do Alcalde-Presidente do Concello de Cabana de Bergantiños.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Cabana de Bergantiños deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SÉTIMA.- SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Edificio do Dolmen non poderán superar o aforamento de 25 persoas no interior do mesmo, de acordo coas recomendacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta da Galicia, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, e para a cal tamén se solicitará a participación da Xunta de Galiza, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación do mesmo.

OITAVA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

NOVENA : VIXENCIA

1.O prazo de vixencia do presente convenio exténdese dende o 1 de xaneiro de 2019 e finalizará o 31 de marzo do 2020.

2.As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2019, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.

3.Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

DECIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

UNDÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA



**DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION**



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Número 45/2019

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia de data de mayo de 2019.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA**

**O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANA DE
BERGANTIÑOS**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: José Muíño Domínguez

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: José Luis Almau Supervía